

LUGÓPOLIS

Lugo, maio 2009

LU-433-1995



Chyariéz

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística
IES POLITÉCNICO DE LUGO

15



CARTA A ES@S:



Querido alumno: Agora que chega a fin de curso (boa poca ou mala poca, segundo se mire...) quero dicirche que levo todo o ano observando a t a conduta, a t a actitude... Tal parece que foi onte, cando chegaches ao instituto, co teu aspecto desvalido, pero decidido a aprender, e agora n tote desorientado, con cambios no teu comportamento e no teu rendemento, non precisamente para ben. Por isto decid n escribirche esta carta.

V s ao instituto cargado coa mochila dos libros pero tam n coa mochila invisible dos teus problemas, as t as preocupaci ns, os teus medos, porque o teu pai ou a t a nai non os viches desde hai tempo e ningu n che pregunta polas t as ilusi ns, a t a angustia... Sei que pensas que todo o mundo est contra ti e que ningu n te entende. Todo te preocupa, todo te angustia, todo unha agon a. Pero estou segura de que o teu caso non extremo: os teus pais qu rente e ax dante. Os teus amigos compr ndente e os teus profesores val rante.

¶ veces pasamos o triplo do tempo dunha clase prepar ndoa e ti parece que est s como durmido, dominado polo des nimo e o aburrimto. Mol stanche as regras, os horarios e a orde do instituto e da t a casa. A materia X par ceche unha perda de tempo, a Z algo parecido, pero seguro que o profe de Y moi bo. S tes que esforzarte un pouco. A variedade tan grande que imposible que non haxa ningunha que che guste, que non haxa algo no mundo para ti. Le, mira, visita, estuda, navega... e atoparalo

Dic mosvos todos os d as: @studa, para que o d a de ma ...Ò Sei que dif cil entender iso... Ademais, os medios de comunicaci n est n cheos de exemplos de futbolistas, modelos ou cantantes que ga an nunha tempada m is que un traballador en toda a s a vida. Tam n tes un colega que abandonou a ESO, traballa co seu pai no negocio familiar e ga a unha pasta. Pero non esquezas unha cousa, algo fundamental, sen educaci n nunca vas dar ese paso fundamental para progresar.

N s non desfaleceremos: cada d a, volveremos s aulas a seguir aprendendo convosco, seguiremos lev ndovos informaci n, d ndovos consellos, axudando a dar luces s vosas inquietudes, acompaando o voso crecemento. Sen v s nas aulas o noso traballo non ten sentido. An manos que poidamos axudarvos a crecer e a desenvolver ao m ximo as vosas posibilidades.

Tes diante de ti un futuro que parece incerto, pero tes que loitar, formarte, aprender. Potencia ao m ximo as t as habilidades, actitudes e aptitudes. Non desperdicias m is as t as horas. Paso a paso, d a a d a. Non te canses, non abandones, conseguiralo. Todo isto que me anima a escribirche f goo porque sei da t a intelixencia e a t a capacidade e sei que saber s estar altura das circunstancias. R tote. Colle o desaf o. A tarefa est en ti. Depende de ti.

Mónica Ramos

NA BIBLIOTECA



aquí, na biblioteca do instituto, o meu lugar preferido do centro. Rodeada non sempre de persoas físicas pero si do testemuño das mulleres interesantes.

Dende o curso pasado, Ramiro, un incansable traballador, sempre disposto a axudar en todo e todo el amabilidade, e mais eu, como responsable da Dinamización da biblioteca comezamos un traballo inxente —aínda que con pouca xente— para reactivar a marcha deste acolledor espazo.

Estamos a piques de rematar a nova catalogación dos libros que esixe o Programa MeigaÓe que implica un cambio substancial, non esquezamos que existen en torno aos catro mil ou cinco mil exemplares. O curso próximo xa entrará en funcionamento os carnés de lectores para que os alumnos poidan realizar os empréstimos e saber se o libro desexado está dispoñible, todo a través de Internet.

O incremento do orzamento que fixo o Centro na biblioteca refléctese en todos os aspectos: máis modernidade, actualización dos equipos informáticos, cun equipamento para os alumnos de seis ordenadores e sistema WIFI, por certo moi concurrido sobre todo no tempo de recreo. O instituto solicitou a participación no Plan de Mellora de Bibliotecas que lles facilitou a renovación do mobiliario tan AD HOC como se aprecia nas fotos e, o máis importante, a continua aportación de libros, en especial de literatura.

O día do Libro de 2008 fixemos unha exposición da obra completa de Cervantes e Shakespeare e organizamos un concurso con preguntas sobre eles e a súa obra. Os libros estaban aí para abrílos, léalos, tocálos, utilílos. Creio que lles gustou e algo aprenderán. Tamén un grupo de alumnos participaron na lectura do Quixote na Praza Maior e recibiron un agasallo.

Este ano queremos fomentar a lectura con outros proxectos, como falarlles do Premio Cervantes, facer lecturas en alto, que os alumnos voten polas obras e autores que máis lles atraen, lerlles os poe-

mas preferidos de escritores, cantantes, actores, pintores e outras actividades a maiores.

Queremos que vexan o libro como ese invento maravilloso que non leva pilas nin cables e que podes levar en calquera sitio e a calquera lugar disfrutando de aventuras increíbles, de amores apaixonados, medos, emocións, sorpresas e viaxar ata onde chegue a imaxinación; facerse adictos a eles, sen resacas nin danos, ás veces con subidos. Lede, lede sempre que podades, do igual o tema: biografías, aventuras, ficción, amor, historia, arte. É todo sen gastar un euro. Gratis total.

Hai un aspecto que queremos salientarlle: o feito de que a biblioteca estaba a converterse nunha sala de reunións informais, unha alternativa cafetera, un lugar onde os alumnos van saborear os doces, tomar un café e falar en alto, molestándolos a outros que teñan outras intencións. Pois ben, agora non se permite outra cousa que non sexan actividades académicas. O silencio foi a primeira imposición ineludible tras pasar o umbral da porta. Eu sempre lles digo aos meus alumnos, plaxiando o título dunha das miñas cancións favoritas, que son do silencio de Simon and Garfunkel, que o escoiten e disfruten. É maravilloso. (Se me fan caso uns minutos).

A biblioteca xa non é un almacén, unha caverna, un espazo libre de fume e cheo de vida. Os libros están aí para que os collades polo simple pracer de ler e saber. Non están mortos. Cando os tedes nas mans cobran vida. Pero tampouco vos pasades de máis e sucumbades á tentación de confundir a vida coa literatura, como fixo a protagonista de Gustave Flaubert, Madame Bovary, que se autodestruíu por ese erro.

E por último recordade ese proverbio hindú que di: Un libro aberto é un cerebro que fala; pechado, un amigo que espera; olvidado, un alma que perdoa; destruído, un corazón que chora.

Carmen Abelleira



O CAMBIO

A aquelas alturas da clase de Historia xa haba tempo que estaba perdido. O profesor, que tam n era o director do centro, falaba e falaba, pero a mi a cabeza viaxaba, moi preto do sono, perdida polos *Cerros de Úbeda*. Xusto nese intre, notei que algo suave petaba no meu pupitre, esvaraba e a parar ao chan. Mirei cara a todas partes con disimulo e logo agacheime para recoller un papel dobrado con mimo e volto a dobrar.

Dispo ame a desdobralo cando, con grande sorpresa pola mi a parte, sent n que o profesor estaba ao meu car n. Ti a a man aberta para que lle entregara a nota voadora. Entonces reparei na cara de medo do meu compa eiro Isabelo, e comprend n que non pod a aceptar a solicitude do director, porque a noti a non era para el, e as llo dixen.

-S ntoo, non lla pododo dar.

-D ame ese papeli o inmediatamente ou at ase consecuencias -replicou, moi enfadado.

Eu amaguei con metelo na boca e mastigalo.

-Quen llo tirou? —o profesor non se rend a.

-Non o sei!

O director, dando un portazo, sa u da clase.

Volveu ao cabo dun rato e dirixiuse a min de novo.

-S game!... Os demais queden en silencio, pola conta que lles ten!

Cando sa a, Isabelo mirou para min con xesto suplicante. Eu tentei tranquilzalo coa mirada.

Estiven un anaco esperando diante do despacho de direcci n ata que vin chegar ao meu pai. Ben —pensei-, parece que todo este asunto vaise arranxar. Entramos os dous no despacho.

Cando sa mos, estaba expulsado do centro. Meu pai, moi tranquilo, d xome que o director ti a raz n, que o desautorizara diante de toda a clase e iso non pod a ser. Eu a replicarlle, pero levantou una man para que permanecer calado.

-As e todo, s ntome orgulloso da t a actitude. s veces, para manter a dignidade preciso afrontar as s as consecuenciasÉ-sentenciou.

Ao d a seguinte os dous estabamos de novo nun despacho de direcci n, agora no instituto p blico da mi a cidade. Eu deb a de ter moi mala cara porque pola noite non conseguira conciliar o sono, pensando na mi a desgraza porque ter a que asistir a un centro onde todos sabiamos que os alum-

nos sa an peor preparados para acudir univesidade, e grazas se me aceptaban.

Meu pai explicoulle ao director o que ti a ocorrido o d a anterior, sen esconderlle ning n detalle.

O xove profesor miroume directamente aos ollos.

-Creo que o meu compa eiro equivocouse —falaba de vagar, sen darlle maior importancia as s as verbas-. Non debeu esixir a entrega da nota. O importante era que o papeli o voou na clase e iso non se pode permitir. O que levaba escrito careca de importancia, e non lle incumb aÉ—e rematou-, est s admitido. Enseguida che levo diante dos teus compa eiros.

Eu estaba encantado con aquel director, te o que dicilo.

Na mi a nova aula notei axi a que os temarios an por detrs das do antigo centro, a disciplina era m is relaxada e o interese por aprender, moito menor.

Cando sa n ao recreo vin xogar aos meus recentes compa eiros e o sentido do humor que amosaban, moi superior aos do centro privado.

En fin, en dous d as integreime no grupo sen dificultade ningunha e descubr n tam n que aquela xente non era, nin moit simo menos, m is torpe que os anteriores; ocorr a que os seus intereses e as s as expectativas eran moi distintas. Sent ame feliz entre elesÉ

D as despois, coa maior das sorpresas, vin entrar na aula una cara nova para todos menos para min. Tra a o susto impreso na s a ollada.

-Isabelo, que fas aqu !

-Coustume varios d as convencer ao meu pai que era a min a quen correspond a estar neste sitio.

Non te preocupes —animeino-, est s con boa xenteÉ



CARTA ABERTA AOS MEUS ALUMNOS/ALUMNAS DE SECUNDARIA

Queridos Todos:

Canta ledicia sentín ao ler todas as vosas cartas! Sodes estupendos!.. E como quero que todos saibades o agradecida que estou para vós, escribo para todos xuntos.

Encantárame poñer os vosos nomes un por un, pero enchería demasiado papel na revista e hai que deixar sitio para outros.

Xa vexo que vos estrañou moito que non me despedira. As despedidas son tristes e eu quería marchar contenta e que todos quedarades tamén contentos.

Os últimos días das clases, xa vos dicía que quería e que quero que as vosas notas ao final do curso fosen como as que iades levar comigo. Lembrádesvos?

Xa sei que fun un pouco esixente e moi "estrita" (como me dicían algúns), pero, todos, todos os que vos queremos, algunha vez temos que poñernos serios, porque sabemos, porque sabemos que a vida vai ser moitas ocasións seria e esixente e debedes de estar preparados e moito!!..

Eu agora xa non podo esixirvos nada, pero si, pediríavos que aproveitades todas as oportunidades que tedes para prepararvos en todos os aspectos da vosa vida e para ter contentos aos vosos pais e aos vosos profesores porque tamén estaredes vós moi contentos.

E isto non quere dicir que a vosa vida de estudantes non sexa divertida. Son os mellores anos que todos lembramos con agarimo. Moitos amigos, moitas risas, moitos primeiros amores, moitas trasnadas e algunha que outra "trasnada" que puido traer algún desgusto...Pero que, despois, cando somos maiores, aínda lembramos con ilusión.

Non deixedes de ser alegres, pero tampouco deixedes de ser respectuosos cos vosos pais, cos vosos profesores, cos vosos compañeiros e con vós mesmos.


Lembrade sempre que, dentro de poucos anos, pensaredes case, case, igualiño ca nós...

Eu sempre vos lembrarei con moito cariño a todos.

Sei que chegaredes a ser grandes empresarios, grandes profesionais, pero por riba de todo quero e confío en que sexades grandes persoas de ben, como me demostrastes sempre.

Un bico e unha aperta moi grande que leva sempre no corazón a vosa profe, que xa pasou a vosa amiga. Ata sempre!!!

Xoaquina Prada



ENTREVISTA A XOSEFINA GÓMEZ RODRÍGUEZ



Dona Xosefina, propietaria dun dos supermercados que abastece a zona de Santa Eulalia de

Lousada e co ecida en todo o contorno por Fina e imos falar nesta entrevista do tema da crise da que tanto o rnos falar nesta poca.

Bos días, formamos parte do alumnado do instituto IES Politécnico de Lugo. Gustaríanos moito que nos puidese contar cómo afecta a crise ao seu negocio.

- Encantada, a ver se vos podo responder.

Nótase moito a suba dos prezos dos produtos de primeira necesidade?

- Depende, uns soben de prezo e outros baixan.

Cales son os que baixaron?

- Baixou notablemente o aceite e o pescado en xeral.

E cales subiron?

- Subiu moito o tomate en conserva por exemplo, pero a raz n da suba non a sei.

En canto á froita, o consumo segue igual ou cambiou?

- A froita segue igual ou mesmo se vende m is debido a este bo tempo que incita ao seu consumo.

Aumentou o consumo de marcas brancas?

- Si, por suposto, debido o menor poder adquisitivo das familias.

Notou o descenso da venda dalgúns produtos?

- M is ou menos segue habendo a mesma venda de produtos en canto a cantidade pero, como xa dixen antes, a venda de produtos de marca descendeu.

Variou a demanda de produtos lácteos?

- A demanda non, pero a xente pasou a consumir m is marcas brancas; por exemplo: os iogures de froita cons mense os m is baratos en xeral, s algunhas persoas por motivos de sa de mercan dos m is caros como pode ser da marca DÉ

A xente segue mercando produtos como tabaco ou bebidas alcohólicas?

- A venda das bebidas diminuíu bastante, pero o tabaco segue igual a nda que se incrementou moito o seu prezo. Pero eu penso que non descendeu a venda porque un vicio, algo semellante pasa coa pesca e coa caza, pois un hobby a nda que haxa crise os afeccionados seguen realizando estas actividades igual, pero tam n e certo que a inflaci n non afectou aos utensilios de pesca e caza, xa que o seu prezo non variou.

En días especiais nótase un descenso da compra de agasallos?

- En cantidade tam n se segue vendendo o mesmo, pero ao mellor en vez de levar un produto

de 20 euros levan un de 10, en definitiva, vanse ao m is econ mico.

Experimentou un considerable descenso de prezo o gas butano?

- Si, o descenso foi moi notable pero este un produto necesario para a vida coti e non se pode prescindir del te a o prezo que te a.

Segue sendo igual a compra de periódicos? Cál é o que máis se vende?

- V ndense bastantes menos, pero o m is solicitado o Progreso porque ao ser o peri dico de Lugo ten moita informaci n sobre a provincia, que o que lle interesa xente

Aínda que hoxe en día case non podemos vivir sen eles e son unha innovación de onte, os teléfonos móbiles constitúen un medio de comunicación na que se inverten bastantes cartos mediante as recargas. Notou algún descenso de recargas nesta época de crise?

- Pasa m is ou menos o mesmo que cos demais produtos, pois o n mero de recargas a penas variou, o que si se nota e que se recarga o m bil con menos cantidade, ser porque a xente prefire falar m is en persoa ou porque agora non chama ou env a mensaxes que non son necesarios para poder aforrar alg n di eiro.

Á hora de facer un pedido para aprovisionar de produtos o supermercado, o pago desas débedas realízase no mesmo período de tempo ca antes ou tárdase máis en pagar?

- Se se pode intentamos negociar cos provedores para poder pagar os pedidos nun per odo de tempo m is amplo, pero tam n dan queixas de que lles baixou moito a demanda de produtos.

Sabería dicirnos se a xente se mira máis as ofertas ou non?

- Claro que se mira as ofertas, e se necesitan alg n produto que non estea rebaixado nese momento, en numerosas veces xa nos piden o m is barato.

En definitiva, pódese dicir que a crise aínda non afecta moito as tendas de abastecemento que se atopan nas aforas da cidade ou no rural?

Poder ase dicir que de momento a nda non a notamos moito, pero alg ns efectos xa se poden observar como vos nomeei anteriormente. Pero tam n hai que dicir que as pequenas tendas dos pobos son as ltimas en verse afectadas, pois a crise primeiro repercute nas grandes cidades, logo nas pequenas e por ltimo en pequenas tendas das zonas rurais como o esta.

Moitas grazas pola súa axuda e por prestarnos un tempo do seu traballo.

- Non hai de que, xa sabedes onde me tedes se precisades m is axuda deste tipo.

Beatriz Lopez Galán 2º BAC H
Beatriz Gandoy Liz 2º BAC H

O PARO CHAMA Á TÚA PORTA, HIPOTECADA?

A nda que a taxa de actividade dos xoves españois similar media europea, o paro xuvenil moito máis elevado en España. O emprego dos máis novos en actividades de moi baixa cualificación. A maior parte dos que están empregados teñen contratos temporais e de moi curta duración.

Entre 2003 e 2007 o problema da vivenda pasou de preocupar ao 22% dos xoves a que o 71% o considere principal problema. A relación entre o nivel de formación e facilidade para encontrar un emprego non é igual entre homes e mulleres menores de trinta anos. As xoves en paro teñen máis estudos cós rapaces da súa xeración. O 18% das rapazas desempregadas teñen escasa posibilidades de lograr traballo do 46,5%. Os parados navarros, madrileños, cantabros, asturianos e os vascos son os que mellor o teñen para saír do desemprego. Cerca de dous millóns de desempregados rexistrados no INEM teñen poucas ou moi poucas probabilidades de encontrar emprego. Cataluña e Madrid acaparan un terzo das conversións de contratos temporais indefinidos. Este forte crecemento débese incluso na reforma laboral dun plano extraordinario de bonificacións conversión, segundo o cal as empresas que transformen empregos temporais a indefinidos recibirán axudas económicas.

Os mozos do noso país son dos cidadáns europeos que máis tardan en abandonar o ninío paterno. O 51% entre 18 e 35 anos continúa vivindo na casa familiar, a pesar de que 8 de cada 10 declara que preferiría facelo de forma independente. Son xoves moi preparados pero os seus empregos son inestables e con soldos incapaces de asumir unha cota hipotecaria. A compra de primeira vivenda supón para os xoves españois un esforzo financeiro equivalente a un soldo íntegro de 9 anos e 3 meses. Cun salario medio de 15.562 euros na franxa de idade entre 18 e 34 anos e un prezo medio da vivenda de 1.510 euros por metro cadrado. O esforzo que deben realizar as mulleres supera o dos homes nun 7%. A posibilidade de adquirir a primeira vivenda sitúase como media na idade de 32 anos, só o 2% dos xoves de entre 18 e 34 anos da poboación española total se decide a comprar unha casa fronte ao 42% dos da franxa de entre 25 e 29 anos ou ao 59% de entre 30 e 34 anos. Prevese un ritmo menor de crecemento da demanda nacional de vivenda e espérase un incremento do prezo do 8,6%. O préstamo hipotecario para adquirir unha vivenda en España aproxímase ao 80% do valor de taxación, e o prazo medio de amortización de 25 anos.

Gladis Fernández Vázquez

1º BAC, H1

OS TRES DE SEMPRE

ÑQue si, que a l a ten un apagafarois que a acende polas noites

ÑQue no, home, que no, que en la luna no hai ningu n

ÑQue si, que xa o dic a meu av , que na l a hai un se or que todas as noites acende unha fogueira grande, grande, m is grande que o lume novo e, se cadra, ata m is grande que toda a nosa parroquia.

ÑPues ent n, ya me dir s que hace ese home los d as que la luna no alumina o cuando alumina poco.

ÑEu que sei! Seguro que porque non ten le a abondo ou porque est de vacaci ns ou porque foi traballar a outro sitio.

ÑYa, home,! A quien se le ocorren semegantes mintiras!

ÑOes, que eu non minto; son cousas que penso para desculpar a ese pobre home que traballa na l a para que poidamos ver na terra cando noite.

ÑMira, falemos de otra cosa, porque yo me estoy poniendo nervioso y a lo megor, rematamos, coma casi sempre, d ndonos trompazos

ÑPois eu sigo dic ndoche que

Nisto terzaba o Xan, tratando de po er un pouco de paz entre os dous que conversaban tan desatinadamente.

ÑEu penso que un e o outro podeades ter parte de raz n porque, imos ver, se a l a alumina porque est ardendo ou porque ten milleiros de cand s acesos. As d as cousas son posibles, pero para iso non fai falla que haxa un home para iso. Basta que a l a estea ardendo ou te a cand s soamente por unha parte e que xire. Cando vemos a parte que est ardendo a l a alumina e cando vemos a parte contraria, a l a non alumina e cando alumina pouco que esta pasando dunha parte outra.

ÑNon sei, non sei, tal como te explicas, non fai falla que haxa ning n se or, pero non entendo moi ben iso de que vexamos a l a alumina m is ou menos.



ÑPues yo no me creo nada porque, qui n le da voltas a la luna?

Xan, desesperado, trataba de facerlles entender, sen conseguilo, a s a teor a porque unha e outra vez, os seus compa eiros de conversa, lle

po an peros a todo canto dic a.

Xa co ecedes a Xan. Os outros conversadores eran Alberte e Ant n, veci os dunha parroquia cuxos habitantes estaban



Eu quisera falar galego nco mntira, pero non sei —O que non sabes ti é o castelán.
©Castelán, Cuadrado nº 79

queixados dun estra o mal, un mal grav simo que consist a en que a metade deles, da noite para a ma , pux rase a falar castel n, pero este non era o s ntoma m is grave da enfermidade, sen n que ademais os pertencentes a un grupo de falantes estaba a discutir sempre cos do outro grupo, o que ocasionaba moitas pelexas, produc ndose, algunha vez, m is dun morto. Alberte, o veci o m is rico da parroquia, quedou convertido en castel n falante. Ant n quedou falando galego e ambos os dous en inimigos irreconciliables, de tal xeito que a convivencia na parroquia era case imposible. Xan e outros poucos veci os, ningu n soubo nunca o porqu , non enfermaron e evitaron moitas discusi ns.

Vi eron estudosos de todas partes. Os m is acreditados psiquiatras, psic logos, neur logos, soci -logos e fil logos do mundo estudaron o fen meno, pero dos seus estudos non se tiraba ningunha conclusi n.

Un d a, como case sempre, Alberte e Ant n estaban rifando sobre quen com a as cousas m is estra as.

ÑYo como leitugas.

ÑEu como alcachofas.

ÑYo como patacas.

ÑPois eu como tirabeques.

ÑYo como conegos

ÑEu como unllas de cabalo.

ÑYo como oregas de gato.

ÑEu como grilos

ÑYo como sos de difunto.

ÑPois eu como carburo

ÑPues yo ñesta ocasi n cos ollos f ra das rbitasÑdixo Alberte: como a los homes crudos.

ÑPois eu non, carallo, contestou Ant n. Deu media volta, deixou a Alberte plantado e quedou curado.

“... VOLVE ILUMINARME ESTRELA...”

10/03/09

À EstrelaÓguiaba tres camelos.

À EstrelaÓera un bar de estrada de dubidosa reputaci n que se situaba preto da fronteira entre dous pa ses inventados. Estaba no cume dun monte e s se acced a ata al por unha estrada estreita sen m is lmpadas que as do ne n que marcaban a meta.

Os camelos non eran animais.

A nda que, a dicir verdade, eran dous camelos e un burro. O burro era un rapaz abondo novo como para non levar o perigo bordado nos petos. Un rapaz que so aba sacar o suficiente di eiro facendo de chofer como para levar a s a *churri* de viaxe en Semana Santa.

O cargamento a no maleteiro do coche de pap . As pistolas nas sobaqueiras dos camelos e a inxenuidade ao volante.

Chegaron a À EstrelaÓinte minutos antes que a polic a.

Os camelos adoitan tardar moito tempo en repoe e nunca o fan se est n de servizo, pero aquela noite de l a (sen mel) a excepci n petou na porta da s a conciencia.

Decidiron que tras cincuenta ØortesÓben realizados merecan un trofeo. Un trofeo louro, con implantes de silicona (trofeo de lat n).

Os pantal ns estaban sobre a moqueta esperando a que as vivendas de piollos patos volvesen vestilos, cando as sereas entoaron os seus c nticos.

O burro esperaba na corte e, a falta de cenorias, engul a copas de algo que rima con frugal. En canto percibiu os fulgores azuis mirou asustado a nica porta de sa da. Finalmente optou por unha vent que hab a na parte de atr s.

Non sei se algu n viu algunha vez o que aconteceu cando axitas unha Coca-Cola, imaxino que si. A polic a era a axitaci n. Nada m is aparecer, as portas dos cuartos con dereito a rozamento abr onse como as pernas das se oritas que traballaban tras elas e, miles, centos, decenas de homes burbulla intentaron escapar. Homes que non quer an estragar a s a carreira pol tica, o seu matrimonio insatisfeito, as s as tendencias ocultas...

A cuesti n que o balbordo provocou m is barullo que o d a que a avoa esquece o *sonotone*.

Todos correndo con/sen roupa. Alg n amigo que hab a tempo que non se v a... E o burro tirado no chan cunha posible escordadura no brazo.

Os burros non saben arrastrarse. Son test ns. Pero Darwin demostrou que sobreviven os m is fortes, os m is listos, ou os que acatan o que fan os m is fortes e os m is listos; de a que este burro se agachase.

Montou no coche e escapou zigzagueando (tam n ao volante).

Non volveu casa. Foi ao punto de destino el s , mentres os camelos disparaban aos polic as.

Unha vez situado no lugar axeitado abriu o maletreiro e sacou o cargamento: lmaxinaci n.

Recolleuna unha tipa baixi a, que se dedicou a escribir nun teclado.

Iso si, o burro recibiu un grande incentivo polos seus servizos prestados. El e a s a *churri* foron de viaxe a Cuba en Semana Santa. Claro que ela era vida lectora de Kafka e logrou que o burro lograsede alcanzar unha metamorfose. Deixou de ser burro e pasou a ser touro. E non por bravura precisamente.

ADOLESCENTE, O MEU CORAZÓN É O MÁIS PARVO DA CLASE... “

4/03/09

Chov an canci ns en abril e lunares nas t as costas. A mi a nai chamaba tonti o ao meu pai. A tarde ca a entre goles. Os sonos ped an permiso para cumprirse.

E eu miraba pola vent .

As sombras experimentaban coa luz. O aire apagaba velas. A auga ferv a e a menta esperaba. A t a boca cham bame e eu non sab a dende onde.

E eu miraba pola vent .

Alg n cantautor l ame o pensamento. A mi a irm cara que estudaba. O lume beliscaba a madeira.

E eu miraba pola vent .

O mar lev bame area. O can durm a xunto ao banco. As mans descansaban sobre o pelo.

E eu miraba pola vent .

Adolescente

“... T THINK I COULD UNDERSTAN HOW IT FEELS TO LOVE A GIRL...”

8/03/09

Se eu fose unha rapaza, mirar ame sorrindo no espello, cami ar a c moda pero firme (sen tac ns pero con paso decidido).

Se eu fose unha rapaza ser a consciente de que a pel feminina o ente m is doce que existe,

non deixar a que outro dixese que penso, guiar ame polo meu instinto, chorar a con orgullo e mirar a a mi do ao ceo.

Se eu fose unha rapaza non me maquillar a, pero po er ame guapa para estar por casa, para

gustarme a min mesma, para rirme do ltimo gramo que me quere facer compaña.

Se eu fose unha rapaza non intentar a emular os pasos dos homes (eses que ata agora levado as rendas e non obstante non nos dirixiron a bo porto).

Se eu fose unha rapaza valorar ame pola mi intelixencia e rir ame de quen me apreciase por ter mis curvas que unha estrada.

Se eu fose unha rapaza ver a pel culas onde os tipos son duros e guapos, pero sair a rra a buscar tipos sensibles con ganas de cumprir sonos.

Se eu fose unha rapaza ser a nai.

Se eu fose unha rapaza estudar a, bear a, cantar a, contar a chistes, asubiar a, nadar a...

Pero tan s son un rapaz, un tipo normal que coece o potencial delas, pero que non ser a capaz de levar todas as s as penalidades. Tan s son algu n con *pillila*; algu n que unha vez aprendeu a amar unha muller e dende ent n maas a todas.

8 de Marzo, D a da MULLER traballadora

“... E QUE A LÚA LLE ACONSELLA QUE SE LLE ESQUEZA O AMOR...”

O Cura do cirio non era cura, nin tan sequera virxe. Cham bano as por unha ancdota que lle sucedera en Entroido, cando levaba hbito e colarí o.

Frecuentaba un bar chamado *À penúltima* situado nunha r a das que cando es pequeno os teus pais procuran que non vexas e cando es grande procuras que non te vexan.

Tras unha barra pega enta, cunha cara igual de pega enta debido maquillaxe, encontrouse con *À taberna de ollos verdes* unha piscis (polo tanto ego sta) a quen alg n cantante con patillas e boina compuxera unha canci n onde a defin a como unha serea.

O cura do cirio non soubo mirar o prado que asomaba baixo as pestanas, quizais se debese a que as montas que se ocultaban tras o escote era unha paisaxe m is atraente.

Tres tequilas abondaron para que o noso heroe propuxese comeira unha vida mellor (a nda sen saber que mala ou boa era a que ostentaba ela ata o momento). asombroso, todo aquel que naufraga nunha barra onde escoita unha serea, cre que ten a potestade para poder arrancar a esta da vida que leva. Non obstante moitas veces son as sereas as que est n c modas coa s a cola e os seus c nticos. *ç* sereas non lles gusta ir bicando ras.

Ela d xolle que o prncipe que buscaba non vi a sobre un corcel branco; ela prefer a un pazo que

non houbese que fregar, vestidos e xoias que fosen ltima moda e unha seguridade social que cubri se as s as doenzas.

El seguiu a tequilas e acabou pagando por ver que hab a baixo as suxestivas escamas.

A ma xermolou pill ndoo desprevido con centos euros menos na carteira e esa sensaci n de baleiro que percorre o corpo cando levas mirando un tempo sentado ao lume sen un corpo ao que facer suar o veneno do amor.

O espello devolveulle uns ollos que deberon ser similares aos da bela durminte tras tantas horas de sono (coa diferenza de que el non recordaba cando fora a ltima vez que repousara seis horas seguidas).

Botou en falta o reloxo, quizais tam n a compaña dun almorzo compartido.

Asaltoulle garganta o sabor do ltimo tequila e o recordo da nica rapaza que bicara coa alma e que segu a dende ent n bicando noutras bocas.

Vestiuse cos restos do naufraxio da noite anterior.

Fra o sol quer a escaparse das poutas das montas e sen saber porqu , tras ver a loita solar, soubo que algo a cambiar.

“... É IGUAL QUE UN CAN VELLO...”

26/01/09

Èa un sol que cegaba calquera esquina escura. El paseaba coas mans nos petos. Gust balle abril. E ent n aconteceu.

O Mp4 empezou a volverse tolo (minuto 3:53). O *funky* vestiu de canela a r a e a morena que cruzaba sen preocuparse onde quedaba o paso de pe ns chegou beirarr a. Ao pasar s a altura puido distinguir o aroma do inalcanzable.

Talvez foi a forza da guitarra que marcaba o ritmo das s as pulsaci ns. Talvez o vaiv n hipntico do bolso-mochila da rapaza. Quen sabe. Non obstante, houbo un resorte que fixo que el se xirase, e posto que el rotara o mundo, decidiu suspender o seu paseo.

Abordou a rapaza:

- Tes d as opci ns: deixar que no transcurso dun caf cambie a t a vida para sempre ou seguir

sen non chegar a co ecer o teu camiño que podes gañar.

A rapaza a responder que era un pretencioso arrogante cando viu os seus ollos. Eran uns ollos esculpidos no lume do mar, dotados dunha forza que arrastraba; uns ollos tan azuis que daban sede, tan azuis que distinguían ao arco da vella.

Sabía que ti a razón. Ti a que seguilo fin do mundo, ou seguinte cafetaría. El non a levar a a ningún dos dous sitios, polo menos polo momento.

- Coca Cola. Café non.

El sorriu. Colleulle a man (un chispazo percorreu o corpo, coma se das estrelas tivesen chocado).

Foron a un parque despois de facer escala no super. Montáronse nun bambuína que cansaron de ser nenos. Entón sentaron baixo unha árbore.

Anicóronse coma se levases encaixando os seus corpos toda a vida. A chave é o ferrollo.

El, amante da natureza, contou que era inventor de historias, ela dixo que lía cicatrices e os rotos. El escoitou cousas que ela nunca confesara e ela lurpiou segredos escondidos en textos colgados en internet.

Non houbo bicos, polo menos no plano físico. As almas enlazáronse antes de verse.

A noite sorprendeunos na vixésima segunda gargallada. Por aquel entón ela xa sabía que a súa vida cambiara para sempre e non obstante seguiu a reticente a crer na ilusión, custáballe unirse con confianza del; o optimismo petaba na súa porta e ela pechaba co cadeado que se converte en rede salvadora do funambulista ao que se lle caen os sonos.

El, consciente diso, comentou:

A vida é un cuarto onde hai unha única lmpada que prende o destino. Se a luz está apagada, podes buscar as apalpadelas unha vela chocando co que faga falta ou quedar de brazos cruzados esperando a que a luz volva. Se a luz está acendida podes gozar dos fulgores e memorizar o camiño ata as velas ou pechar os ollos fortemente para que non se habiten ao que mágicamente adiante pode faltar. Ti decides.

Ela sorriu e iluminou o parque.

“... O COELLO SACA A UN MAGO DO SOMBREIRO...”

5/01/09

A noite achegábase. Fixera frío ese inverno. Os seus compadres comentábanlle que mesmo nevará. Cando dormes ao raso non é necesario que che digan que neva para saber que vai frío, cácese nos pés; pero estaba ben saber que ese Nadal houbera neve. A súa nai adoitaba dicirlle que no Nadal as nevadas son as máis alegres. Sen dúbida na súa casa haberá alegría. Quizais a botasen de menos. Ou non.

Quen se acordase daquel fillo perdido haber cinco ou seis anos...?

Cinco ou seis; xa nin sabía precisar canto tempo levaba fóra, canto tempo sen calefacción, canto tempo sen auga quente, sen comida quente... Era duro. Non obstante cría que pagaba a pena.

A súa nai adoitaba dicirlle ás veces que lle levara a droga. A historia que el lle contara non a cría. El non a culpaba.

En certo modo se que perseguía unha droga. Unha vez que probaches a ilusión, a maxia... non podes deixalo. Debes continuar. Repetir.

Recrutárono outros dous. En principio era por unha vez, xa que un amigo destes caera enfermo. A enfermidade derivou na morte. Agora estaba empantanado.

O traballo de Rei Mago non é tan bonito como o pintan. Pasas o ano enteiro percorrendo pasaxes, observando. Axexas dende as beirarras os sonos da xente. É o mellor lugar.

As persoas non adoitan fixarse naqueles que están saídos dos supermercados abrindo-lles a porta. Non miran para aqueles que están de xeonllos a pedir na rúa.

Quizais te en medo a contaxiarse. Quizais senten vergonza ou sentense culpables.

Por iso era un bo disfraz. Era a mellor forma de adiviñar quen era bo e quen malo.

Os nenos adoitaban quedarse mirando a aqueles que mendigaban, moitos sentían temor, algúns desconfianza, outros sentían impulsos de sorrir (iso lograba que moitos das fosen máis levadeiros)... Ese é o motivo polo que os nenos sempre te en máis regalos que os adultos. Porque se fixan. Porque non te en tanta prisa. Porque se ilusionan co papel en lugar de co regalo.

Ilusión. A verdade que era unha sensación embriagadora. Se algunha vez sorprendiches a alguén seguramente volves a facelo polo feito de saber que cara pon, como sorrir, como se sente... Non obstante ilusionar a millóns de persoas, a miles de millóns de persoas... iso era inaudito. Unha explosión de alegría. Un achuchón de endorfinas. Por iso o día dos Reis era o seguinte noite de Reis. Por iso traballar todo o ano para ese día tiña sentido.

Por iso era feliz.

“... THE WAY BACK HOME...”

19/01/08

Na fila que se formaba ás portas do ceo descubrí un tipo interesante. Quizais algo máis ca iso: un grande amor. Non sei se vostedes saben como vai a cousa por alí arriba, por se acaso eu explícolles. Se chegan ao enreixado desas portas douradas forxadas con troncos e nubes de atardeceres o primeiro que deben de facer é sacar o mero. Non imaxinen que o proceso se desenvolve como nunha peixaría. Para nada. O mero que se lle asigna a cada candidato a *Óleste* non segue a orde de chegada, nin orde de maior a menor mérito, nin ningún tipo de orde que se poida concibir na Terra. Alí débese mero en función das cousas que lle quedaban a un por facer antes de entrar.

Meu mero era o 28.

Preguntáronse que me distaba a min do ceo. Poderían darlles 28 motivos, pero non os comprenderían, así que lles contarei outra historia e retornarei a mi máis adiante.

Unha vez disposta na cola, fíxeno que toda filla de veciño. Mirei ao meu arredor. O primeiro que vin foi que a fila era moi heteroxénea e larga. Todo o mundo optaba ao ceo, pero todos debían gañalo. Deseguida a miña mirada se pousou en quen ti á fronte. Resultou ser o mero 27. Non sei como describirllo, posto que realmente sei que a imaxe que dea non se axusta á realidade, xa que cando unha persoa te cae ben (como era o caso) tendes a hiperbolizar as súas virtudes do mesmo modo que resaltar os defectos se resulta ser alguén *Ón grato*.

En fin, 27 era un tipo forte, deses de musculatura proporcionada. Pero na súa fortaleza existía unha elevada porcentaxe de sufrimento e dor, algo que debilitaba ao noso personaxe. Era un virtuoso das seis cordas porque tocaba con dúas mans e un corazón, compoendo deste modo cancións para a alma.

Aínda recordo o día que me debuxou unha das súas melodías. Ao instante souben que ese son era o que os meus oídos levaban toda a vida buscando. Dende logo a súa historia era a mellor mostra de nobreza e loita que ningún trovador soou xamais. A súa vida era un vector que apuntaba ao

infinito con dous compoentes definidos, dous obxectivos: a música e o amor.

Como xa contei, o primeiro obxectivo non lle custou demasiado polo en práctica, tras varios intentos logrou que unha guitarra fose a súa bandeira. Non obstante, o segundo condicionante resistíase algo máis. El non cesaba no empeño e grazas ao amor que buscaba percorreu un camiño de corazóns. Sempre tras o As de todos eles.

Pode que esa busca fose o motivo de ser o 27. Necesitaba unha tarxeta que lle liberase de pasar tres quendas no inferno e que lle abrise as portas dun ceo que se lle antollaba afastado. Pero tampouco esta era unha tarxeta convencional, como xa imaxinan, no ceo son afíns aos xogos e a retos que escapan á imaxinación dos mortais.

A súa tarxeta era un bico. Unha nimiedade pensar en uns, ou todo un mundo crer en outros.

A 27 acontecéulle o mesmo, en ocasións facíase-lle imposible e outras algo máis factible. Debía pelexar contra o destino. En ocasións cansábase e parecía preferir o inferno, pero entón aparecían novas oportunidades e como gran guerreiro volvía á batalla.

Non lle preocupaba a sensibilidade, podía esquecer a dor. Esgrimía a súa música e o seu grande sentido da xustiza e lealdade. Así avanzaba ante as adversidades.

Esta é a historia de 27. Non lles contarei o final porque aínda o descoñezo. Pero lles avanzarei algo: sei que o que 27 se propoña, acabárono logrando.

E falando de confesións, díreilles outra cousa. Tan pronto como inicié unha amizade con 27 sentíme vinculada a el e ao seu senón. E souben con celeridade que as nosas historias eran paralelas e que a súa vida era a miña chave. Posto que se converteu nun gran amor (e segue sendo) e desexáballe a mellor sorte decidí non entrar en ningún ceo ata que el entrase.

E así foi como souben o porqu do meu mero 28

Aida Rego Rodríguez

SOFÍA, UNHA VIDA NA ALDEA



Sofía era a nica rapaza da aldea, era fermosa, con cabelo longo e louro, ti a a faciana branca como a neve. Era filla nica, vivía cos seus pais nunha humilde casa, ti andas vacas, unas cantas galiñas e algúns coellos.

O pai traballaba de agricultor para o rico da aldea e a nai coidaba da casa.

Sofía á escola onde todos os rapaces suspiraban por ela, pero ela non quería saber nada de rapaces, o nico que quería era estudar para ser a veterinaria da aldea.

Os pais sabían que a súa filla quería estudar veterinaria polo cal estaban aforrando para os seus estudos.

Todo a ben ata que o pai de Sofía quedou no paro por culpa dunha peste que acabou coas colleitas. O pai non atopaba traballo e decidiu emigrar a Arxentina para atopar traballo e así cumprir o soño da súa nai.

As dúas mulleres acompañaron ao pai ao porto, al despedíronse del. Prometéulle enviar todo o diñeiro e volver canto antes. Despedíuse dicindo que a súa nai e que lle ía pagar a carreira á súa filla.

Pasaron os meses e os cartos ían chegando. O pai mandabaos con cartas, nas que contaba que atopara traballo como cociñeiro, que lle deran cama e comida no hotel onde traballaba.

Ao parecer íalle bastante ben. Aquelas mulleres continuaban coas súas vidas. Sofía foi para a cidade para comezar cos seus estudos e as fins de semana volvía a casa para estar xunto da súa nai.

Pasaron os anos e todo transcorría con normalidade; Sofía acabou a carreira e comezou a traballar de veterinaria na súa aldea e nas lindeiras á súa.

Sofía ía gañando cartos e xa tiña bastante, polo cal mandoulle unha carta ao seu pai para que volvесе, pero non obtivo resposta. Estiveron esperando e esperando. Ela ía botando moito de menos e foi entristecendo ata o punto de enfermarse. Sofía non podía ir buscar ao seu pai a Arxentina, pois a nai estaba moi enferma.

Sofía volveu a mandarlle unha carta ao pai dicíndolle que volvесе porque a súa nai estaba moi enferma e temía que morrese sen poder despedirse.

Pero a carta xa non fixo falta que chegase a Arxentina xa que de aí a dous días apareceu seu pai pola porta; estaba moi fraco e amarelo. Sofía non podía crer cando viu o seu aspecto. Tiña os pais moi enfermos.

Os dous estaban xuntos na cama, agarrados da man, cando, de repente, pecharon os ollos para sempre.

Sofía comezou a chorar, non podía crer; seu pai acababa de chegar e de marchar, levando consigo a súa nai.

Sofía quedou soa, pero tiña bastante diñeiro, pois sumaba ao que gañara ela o que gañara seu pai polo que decidiu montar unha cooperativa que se uniu o seu veciño que foi o que puxo os animais. Tiña 140 vacas e 50 xatos, pero con tanto traballo logo xurdiu o amor, co cal casaron e tiveron dous fillos, aos calles lles deron todo o amor e o cariño, o mesmo que eles dous sentían.

Toda a familia, e sobre todo Sofía, que agora si tiña unha familia e era feliz

Lidia López Correa

AS DROGAS MATAN

A maioría das mortes de adolescentes que se producen no noso país son provocadas polo consumo incontrolado das drogas

No noso país como en todo o mundo os adolescentes entre 15 e 25 anos consumen droga habitualmente. Iso acontece porque a maioría dos casos non saben como pode afectar a saúde. Só de cada 10 consumidores saben a acción das drogas. Un erro moi común que cometen os adolescentes comparar as drogas de desexo cun cigarro ou o alcohol "*se a ninguén lle pasa nada por beber que nos vai pasar por tomar droga*" e iso vén motivado porque a sociedade ve normal que a xente tome alcohol ou fume.

Realmente non creo que os consumidores de *anfetaminas* se chegasen a formular que o que toman, foi nun principio, un fármaco para combater a obesidade, que rematou como a raíz das drogas sintéticas, que ademais leva consigo un gran perigo de taquicardias e problemas coronarios. Aínda así seguen consumindo un 6,82% dos adolescentes do noso país.

Outra moi consumida é a *cocaína*, usada como un anestésico local. É un potente estimulador, ten varias formas de consumo: mastigando as follas, vía subcutánea ou de forma intravenosa, unha sobredose pode causar convulsións, parálise cerebral e mesmo, en moitos casos, a morte. Pero a pesar disto, un 13 por cento seguen consumindo. Nun estudo afirmouse que o que produce máis mortes segue sendo o *crack*. É a alta porcentaxe debido a que o seu efecto empeza a notarse pouco despois de consumilo, o seu uso farmacéutico anestésico buco-dental, consómeno un 35% dos adolescentes do noso país e por último o *peyote* que sendo menos coecido non é menos perigoso, moita xente pensa que é un simple alucinógeno similar ao LSD. Está asociado a tribos mexicanas, provoca ansiedade, taquicardias e axitación, consómeno o 08% dos adolescentes.

Botando por terra o que todo o mundo asocia ás drogas, xente con problemas, xente marxinal iso non é de todo certo: o 65% dos casos adoitan ser xente con boa posición social que buscan simplemente encaixar na sociedade ou entrar nun bo grupo social "*todos fano e é algo normal se non o fas non te integras*". Todos os testemuños afirman como todo o mundo xa sabe moi doado acceder a elas e iso facilita moito a súa consumición aos máis novos.

Con cifras tan escandalosas como que máis do 35% de adolescentes entre 11 e 15 anos afirman ter consumido algún tipo de droga polo menos 3 veces, moitos deses casos afirman que as usan soamente para os estudos, por diversión ou para integrarse "*só as tomo cando estou sufocado polos exames*".

Nerea Yáñez Espada

Reportaxe presentada en Prensa-escuela de La Voz de Galicia

DIVERSIÓNS MOI PERIGOSAS

En España a maioría dos mozos consume alcohol sen importarlles os efectos secundarios deste.

Con frecuencia os mozos non ven a relación entre as súas accións no presente e as consecuencias no futuro. En España morren ao ano sobre uns 12.000 mozos a causa do consumo de alcohol.

A maioría consume alcohol por curiosidade, para sentirse ben, para reducir o estrés, para sentirse como persoas adultas ou para pertencer a un grupo sen saber en moitas ocasións que provocan serios problemas no seu organismo.

O consumo continuo de alcohol pode orixinar dano permanente: sínculas cerebrais, perda da memoria, neuropatía, parálise cerebral ou parcial, fallos cardíacos, problemas nutricionais, inflamación do estómago, úlceras, infeccións, problemas respiratorios, empeoramento da coordinación, tremores, paro cardíaco, etc.

Moitos mozos ven o consumo de alcohol como algo normal no seu día a día sendo isto unha aberración.

